

Proxección de fogares 2002-2017

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O coñecemento da evolución futura dos fogares como unidades de convivencia e consumo para establecer necesidades de vivenda a medio e longo prazo, así como para xestionar o parque de vivendas e adecualo á demanda, configúrase como un elemento importante para as administracións públicas e planificadores.

O obxectivo principal desta actividade estatística é elaborar unhas estimacións dos fogares galegos para o período 2002-2017. As proxeccións de fogares son un complemento das “Proxeccións da poboación de Galicia. 2002-2051” xa realizadas, pertencen ás denominadas proxeccións derivadas e ofrecen resultados para o conxunto da Comunidade Autónoma galega e as súas provincias.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O ámbito poboacional está constituído polo conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co período 2002-2017

3. Definicións

Vivenda: Recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual. Como excepción, non se consideran vivendas os recintos que, a pesar de estar concibidos inicialmente para habitación humana, están dedicados totalmente a outros fins (por exemplo, os que están sendo utilizados exclusivamente como locais).

Vivenda colectiva: Vivenda destinada a ser habitada por un colectivo, é dicir, por un grupo de persoas sometidas a unha autoridade ou réxime común non baseados en lazos familiares nin de convivencia. A vivenda colectiva pode ocupar só parcialmente un edificio ou, máis frecuentemente, a súa totalidade.

Inclúense tanto as vivendas colectivas propiamente ditas (conventos, cuarteis, asilos, residencias de estudantes ou de traballadores, hospitais, prisións), como os hoteis, pensións e establecementos análogos.

Cando dentro do establecemento colectivo existan vivendas de carácter familiar, normalmente destinadas ó persoal directivo, administrativo ou de servizo do establecemento, estas serán censadas como tales vivendas familiares.

Vivenda familiar: Vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco, e que non constitúen un colectivo, segundo a definición anterior. A pesar de non cumprir estritamente a definición tamén se consideran vivendas familiares os aloxamentos.

Fogar: Grupo de persoas residentes na mesma vivenda familiar.

Persoa de referencia: O método de proxección elixido require unha clasificación previa segundo o tipo de fogar e o grupo de idade da persoa de referencia. Do Censo de 2001 optouse por escoller como persoa de referencia para cada fogar aquela que figura como tal no ficheiro facilitado polo INE. Para elixir á persoa de referencia, o INE estableceu un procedemento segundo o que se van seleccionando persoas seguindo unha serie de criterios que se aplican en orde de importancia ata que quede só unha persoa para cada fogar. Co obxectivo de que a clasificación de ambos censos fose comparable, aplicouse un proceso similar sobre o ficheiro do Censo de 1991

4. Método da proxección

O método que se utilizou para o cálculo das estimacións de fogares para o período considerado foi o denominado “método de taxas de xefatura de fogar”, que se comezou a aplicar a finais dos anos 30, pero foi a partir dos anos 50 cando a súa utilización se fixo mais extensiva debido a unha maior e máis apropiada tabulación da información dada polos censos de poboación e vivendas.

Defínese taxa de xefatura de fogar $h_{j,k}^i$ como:

$$h_{j,k}^i = \frac{F_{j,k}^i}{P_j^i}$$

sendo:

$F_{j,k}^i$ o número de persoas de referencia para un ano i , un grupo de idade j e un tipo de fogar k

P_j^i a poboación total do grupo de idade j no ano i

Os grupos de idade considerados para a estimación son los de 18 a 34 anos, de 35 a 44 anos, de 45 a 54 anos, de 55 a 64 anos, de 65 a 74 anos e de 75 e máis anos.

Os tipos de fogar que se utilizan son un adulto home, un adulto muller, dous adultos, tres ou máis adultos, un adulto con nenos e dous ou máis adultos con nenos. Considérase unha persoa como adulta se ten 18 ou máis anos.

O total de fogares estimados para o ano i , T_i calcúlase aplicando as taxas de xefatura estimadas

á poboación estimada que reside en vivendas familiares para cada ano $T_i = \sum_{j,k} (P_j^i \times h_{j,k}^i)$

A poboación que reside en vivendas familiares calcúlase eliminando da poboación que se obtivo da actividade “Proxeccións da poboación de Galicia. 2001-2021”, empregando o escenario medio, a porcentaxe de persoas que reside en vivendas colectivas segundo o “Censo de poboación e vivendas 2001” para cada grupo de idade.

As taxas de xefatura (e de non xefatura) para os anos da proxección estímense a partir do modelo exponencial modificado, sendo a súa fórmula matemática a seguinte:

$$h_{j,k}^i = c + a \times (b^{x_i})$$

Onde:

i é o ano de proxección, $i = 2002, \dots, 2017$

j é o grupo de idade considerado

k é o tipo de fogar

$h_{j,k}^i$ taxa de xefatura no ano i para o grupo de idade j e tipo de fogar k

y_{1991} é a taxa de xefatura censal para o ano 1991 calculada a partir do “Censo de poboación e vivendas. 1991” elaborado polo INE

y_{2001} é a taxa de xefatura censal para o ano 2001 calculada a partir do “Censo de poboación e vivendas 2001” elaborado polo INE

$$x_i = \frac{(i - 1991)}{(2001 - 1991)}, i = 2002, \dots, 2017$$

$$c = \begin{cases} 1 & \text{si } y_{2001} \geq y_{1991} \\ 0 & \text{si } y_{2001} < y_{1991} \end{cases}$$

$$a = y_{1991} - k$$

$$b = \frac{(y_{2001} - k)}{(y_{1991} - k)}$$

As taxas de xefatura (e de non xefatura) están suxeitas a dúas restricións:

- Individualmente non poden nin ser superiores a un nin inferiores a cero
- A suma das taxas dentro de cada grupo de idade é igual a un.

5. Presentación de resultados

As estimacións dos fogares para o período 2002-2017 preséntanse na páxina web do IGE para Galicia e as súas provincias.